

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2019

ANXO ANGUEIRA

Amigos da Casa de Rosalía, unha casa comunal

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Amigos da Casa de Rosalía, unha casa comunal

Era o ano de 1950 e dona Gala chegaba á Matanza para visitar o que fora o seu fogar. Alí estaba con toda a familia no retrato para a eternidade de 1884. Aquela mocíña de 13 anos regresaba con case 70. E de novo volveu ser retratada, agora con diferentes persoas e autoridades, todas de pé menos ela. No fondo da imaxe aparece a casa, que viña de ser comprada nunha acción audaz da resistencia galeguista coa idea moi clara de convertela en referencia de primeira magnitude. Estaba escanastrada, co tellado caído, as fiestras sen gonzos, os vidros escachados. Mesmo podemos imaxinar no seu interior o retrato de terríbel abandono que nos anos 20 fixera Ruth Matilda Anderson. Aínda así, a visita de Dona Gala fora moi proveitosa, sempre á beira do entusiasmo de Xosé Mosquera e Camilo Agrasar, entre outros. Desde 1964 en que se instituíra o Pedrón de Ouro, a casa veu sendo empregada para o acto de entrega. No de 1970, nun dos momentos estelares da nosa historia contemporánea, José Manuel Rey de Viana lanzou con vehemencia a proposta pública de reparar o vergoñento abandono da Casa de Rosalía, de devolverlle a súa dignidade. As palabras do coreógrafo incendiaron a concorrência e alí mesmo naceu unha campaña verdadeiramente histórica. Nela participaron centos de persoas, moitas

de xeito anónimo, organizáronse colectas en moitas vilas e en case todos os centros galegos da emigración, uníronse máis de 60 concellos, varios bancos, a Federación de Caixas de Aforros, o Celta de Vigo, a Federación Galega de Ciclismo e innumerables asociacións de todo o país, con implicación xeral da prensa e especialmente de *La Voz de Galicia*. Ó final colleitouse case un millón de pesetas de 1971. Grazas a esa campaña puidéronse facer as obras de restauración necesarias e abrir por fin a Casa de Rosalía como Casa-Museo en 1972, baixo a presidencia de Agustín Sixto Seco. Durante anos a Casa de Rosalía sobreviviu grazas ós numerosos socios que a protexeron e a defenderon, de 1973 a 1989, como pode seguirse a través do noso arquivo histórico, actualmente xa ordenado, catalogado e dixitalizado.

Hoxe, case 50 anos despois, a Fundación vén de abrir de novo un proceso de subscripción popular. Trátase de recuperar aquel espírito, a idea comunal e colaborativa que está na xénese da Casa de Rosalía. Non é só unha cuestión económica. Trátase de implicación e colaboración, de reafirmar a independencia da entidade, de facer valer o apoio das xentes comprometidas co país e coa súa cultura (amigas,



protectores e mecenas) e polo tanto de construír desde a base e a raíz, coa solidez dos proxectos que nacen de xeito comunal.

É certo que na Casa se fixeron importantes melloras e modernizacións nos últimos tempos, que desde 2012 as visitas da Casa pasaron de 8.600 a máis de 22.000 neste 2019 e o autofinanciamento medrou do 20% ó 45% actual. Daquela, por que agora esta campaña? Porque as actividades da Fundación tamén medraron de xeito exponencial e cómpre mantelas, amplialas e melloralas. Rosalía de Castro está máis viva ca nunca, na rúa, na escola, na academia, nas institucións... A Fundación ten a obriga de atender e responder a todo este interese.

Pero tamén é necesaria esta campaña porque son moitos os retos que temos por diante, porque se produciu nos últimos anos un salto cualitativo arredor da figura da nosa autora que nos obriga

a seguir avanzando na mellora de instalacións, xestión ou servizos para intentar estar na medida do posible á altura dunha escritora que é vangarda cultural e referente emblemático de Galicia. Por outro, tal e como demostrou a iniciativa da Agrupación Ío para que se designase co nome de Rosalía de Castro unha estrela, é viábel (e necesaria) a proxección internacional da súa figura e da súa obra.

Foron numerosas as persoas e entidades que viñeron colaborando connosco en múltiples iniciativas e do xeito máis diverso. Pois ben, esta é a canle que lles ofrecemos a quen queiran tamén defender e apoiar a Casa de Rosalía e participar así dunha causa común, dun proxecto histórico que quere seguir sendo comunal.

Anxo Angueira
Presidente da Fundación
Rosalía de Castro

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Dodro



CONCELLO DE
DODRO



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**